



1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: Coaching, a ferramenta para o cambio

CONVOCATORIA: Convocatoria de autonómico do 1º semestre

GRUPO: Cursos Autonómico

ÁREA: Comunicación, organización do traballo e mellora das habilidades

CUALIFICACIÓN:	APROVEITAMENTO	PLAN:	F. FINALISTAS	HORAS:	30
ADMINISTRACIÓN:	AUTONÓMICA	ESTADO:	CONVOCADO	ANO:	2020
MOD.IMPARTICIÓN:	TELEPRESENZA	TIPOLOXÍA:	XERAL	EDICIÓNS:	1

DATA MATRÍCULA: Do 20/02/2020 - 08:00h ao 27/02/2020 - 23:55h

2. DESCRICIÓNS

DESCRIPCIÓN CURSO

O persoal de organismos públicos desenvolven labores de responsabilidade, tanto por atoparse ao servizo da cidadanía e das propias administracións, así como polo papel que adquiren na toma de decisións que afectan ao eido público e comunitario.

É por isto que é necesario dotalos de ferramentas propias do coaching que lles permitan mellorar o seu desenvolvemento persoal e profesional así como axudar na mellora dos seus equipos de traballo.

Propónse unha formación que lles achegue o proceso de coaching é un camiño, como estratexia para o autodesenvolvemento, para medrar, para acceder a todo o potencial persoal, poñendo en funcionamento ás virtudes e desenvolverse positivamente enfocándose nas áreas de mellora, superar os seus medos e asumir con éxito os desafíos.

Esta formación supón un acercamento ao coaching traballando con estratexias que permitan un adestramento mental e emocional dende o que a persoa pode fixar obxectivos, identificar obstáculos e recursos, definir un plan de acción e un plan de seguimento para lograr, por medios propios, os seus obxectivos.

O beneficio principal desta formación é una comunicación eficiente que reduce os conflitos, optimiza os tempos e facilita conversas efectivas e de calidade.

Obxectivos:

- Transformar a forma de liderar. De xefe a líder coach.
- Obter a mellor versión dos nosos colaboradores aproveitando todo o seu potencial.
- Xestionar as nosas emocións e as dos demais para favorecer a consecución dos obxectivos do equipo.
- Buscar os axentes de motivación externa e interna para ter a mellor versión do noso equipo.

Esta formación consiste nun único programa formativo que incorpora diferentes ferramentas propias do Coaching, da PNL e da Educación Emocional, aplicadas ao desenvolvemento persoal e profesional, ao longo de 30 horas.

DESTINATARIOS

Persoal ao servizo da administración xeral da comunidade autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da administración institucional.

PROGRAMA

- 1.-INTELIXENCIA EMOCIONAL INTRAPERSONAL E INTERPERSONAL
- 2.-FERRAMENTAS DE COACHING PARA O LÍDER: Actitude, Competencias e Comportamento
- 3.-INTELIXENCIA CONVERSACIONAL: escoita, comunicación e conversacións motivacionais
- 4.-TRABALLO EN EQUIPO

Contarase con material de apoio que facilite o seu correcto desenvolvemento.

Este curso pretende proporcionar as ferramentas do coaching a través do establecemento de conceptos claros e con prácticas, dinámicas e sesións de rol playing para entrenar cada unha das habilidades a desenvolver por un líder.

CRITERIOS DE SELECCIÓN

Preferencia a persoas con responsabilidades na xestión de equipos de traballo: xerentes, xefes de equipo, área, etc. En caso de haber prazas libres, utilizaranse os criterios xerais da EGAP, segundo a Resolución do 4 de xaneiro de 2008 (DOG do 10 de xaneiro de 2008).

3. DATOS EDICIÓNS

TELEPRESENZA

LOCALIDADE: Telepresenza

INICIO / FIN: 19/05/2020 a 11/06/2020

NUM. PRAZAS: 25

ESTADO: NORMAL - (DIPLOMAS EM.)

DATA EXAME: 11/06/2020 ás 18:00h

DOCENTES NOMEADOS

UNA GRUPO IDEAS FACTORY SL

LUGAR DE REALIZACIÓN

Datas 19,20, 21,26, 27, 28 de maio. 17:00h a 19:00h

2,3,4,9,10 e 11 de xuño de 17:00 a 19:00h

(24 h. telepresenza e 6 de tarefas)